

O xugo da responsabilidade

Ela está a carrexar a vida doutras persoas por un camiño pedregoso e complicado para os seus pés e as súas curtas patas. É demasiada responsabilidade para as súas costas ver que dependen da súa forza para continuala súa vida.

Chegar a esta situación non foi complicado, ser sumisa e non saírse do redil fixo que se aproveitaran dela para sacárenlle o máximo partido. Moitas esixencias e pouca compaixón por parte do resto, aceptalo todo foi o único que puxo da súa parte. O que ocorre cando para uns cantos os defectos se converten en habilidades e viceversa.

Está esgotada, as pernas doen ao camiñar, as costas senten o peso da responsabilidade, notan o esgotamento, voces do exterior que berran “non pares, aínda non está! Non remataches por agora, non deixes isto que estás a facer! Necesítamoste forte para que nos axudes!”

As chantaxes dan forza ás pernas pero esgotan a cabeza. Ela non pode seguir a este ritmo, tampouco pode parar. Que dirán? Séntese responsable e se para, culpable. Non é tempo para pensar, é tempo para camiñar

Co paso do tempo as esixencias fóronse incrementando, chegou ao tope e, á vez, tocou fondo. É momento para facerse valer, momento de saber dicir NON; é sinxelo, tres letras que implican tanto.

Dala volta no camiño, pousar todo o peso que leva ás súas costas. Peso que fai que, cada vez, as súas patas sexan máis curtas. Un NON que lle vai dala vida, que xa non era dela. Un NON que soa e resoa a liberdade.

Lorena Martínez Cortiñas